

ÁMSTERDAM

PARÍS

LUGO BILBAO
VIGO OURENSE



AS CIDADES DE COLMEIRO

BUENOS AIRES

27 novembro 2025
15 marzo 2026

Pinacoteca
Fernández del Riego

CONCELLO
DE VIGO



As cidades de Colmeiro pretende ofrecer un punto de vista distinto sobre a obra de Manuel Colmeiro (Chapa, Silleda, 1901-Salvaterra de Miño, 1999) a partir da análise do impacto das cidades na obra do pintor. Para este obxectivo a exposición céntrase en obras –nomeadamente sobre papel– dun largo abano temporal, desde os seus inicios –a máis antiga é de 1919 (*Porto de Buenos Aires*)– en Buenos Aires até os anos sesenta (*París [Notre Dame]*, 1960). Buenos Aires, Vigo, Lugo, Ourense, Bilbao, París ou Amsterdam serven de escenario e son protagonistas das procuras do artista.

Cómpre lembrarmos que, en conxunto, o traballo de Colmeiro representa unha reformulación da temática popular galega, de base

agraria, a partir de claves formais debedoras da figuración europea de entreguerras. Alén diso, a estes aspectos o noso pintor acrecenta unha intensa sensibilidade social, xa presente nas súas primeiras obras.

Esta orixe labrega e esta ligazón ás súas paisaxes nativas é formulada non só no mundo rural onde naceu senón en grande medida nas cidades onde o artista viviu e que, como non podía deixar de ser, marcaron a súa obra, principalmente Buenos Aires, Vigo e París. No entanto, as características dos traballos realizados por Colmeiro con temas orixinados nas cidades son ben diferentes, modulados pola situación de vida do pintor e pola relación que establece co medio urbano.

[Buenos Aires] *Atardecer* / Carbón, papel / 1920





[Vigo] Porto de Vigo / Lapis, papel / 1936



[Bilbao] Trabajadores do porto. Bilbao / Acuarela, papel / 1933

Pinacoteca Fernández del Riego

Rúa Abeleira Menéndez, 8. VIGO

27 de novembro de 2025 - 15 de marzo de 2026

Horarios:

Martes e xoves: de 18:00 a 21:00 h

Mércores e venres: de 11:00 a 14:00 e de 18.00 a 21:00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos: de 12.00 a 14.00 h

Pechado luns (incluídos festivos)

D.L. VG 649-2025

**CONCELLO
DE VIGO**



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Pinacoteca Fernández del Riego

Asociación de Amigos de
COLMEIRO